

A ULLOA

FOTOGRAFÍAS CENTRÍPETAS

A mostra “A Ulloa. Fotografías centrípetas¹” transita por quince proxectos de mulleres vencelladas á devandita comarca; cada unha delas abre un relato ou multitude de relatos que exploran e vinculan a súa memoria íntima ao latir do territorio.

As igrexas dos concellos de Palas de Rei, Monterroso e Antas de Ulla son testemuñas da gran riqueza simbólica da arte románica. **Gina Gisbert** e **Kika Ramil** en ***Símbolos máxicos da Ulloa*** realizan unha viaxe por diversas aldeas da comarca para conectar con ese mundo da simboloxía máxica. Ofrecen ao observador dos nosos tempos todo un repertorio de fotografías e pezas que pretenden xerar unha conexión entre a contorna e o significado, o pasado e o presente e o ordinario e o máxico.

Desde a primeira persoa do singular e do plural, contarásenos tamén a experiencia da perda. A angustia producida pola perda de identidade nacida do aniquilamento das raíces naturais e paisaxísticas. A serie fotográfica ***Tránsitos en cambio*** de **Dosinda Nélica Vilameá Diéguez** configura un paseo polos vestixios do paso do tempo e constitúe un testemuño gráfico idóneo para examinar a idea de que o paisaxe da Ulloa tamén se configura co que non está.

O paseo de **Natalia Varela Cadahía** en ***Ao outro lado da paisaxe. A desromantización do rural*** pretende romper coa imaxe idílica do rural. Amosa unha paisaxe dura na que se mestura beleza con destrución.




Natalia Varela Cadahía: Ao outro lado da paisaxe. A desromantización do rural

O coidado da terra é parte da identidade e xerou diferentes formas de relacionarse con ela. **Sara Coello Sánchez** realiza un retrato vital de **Alicia**, que permite aproximarse á diversidade do traballo feminino e os oficios tradicionais, especialmente á realización do “pan da Ulloa”.

Memoria e identidade son dous conceptos que están intimamente unidos. **Antía Montes Coego** ofrece na peza audiovisual ***A vida nas maus*** tamén unha narración persoal, tentando fixar a súa memoria familiar. Os recordos, memorias e denuncias preséntanse desde unha actitude emocional, sentimental, sen distancias obxectivistas.

Sandra Goded Millán en ***Carballeiras da Ulloa. Tesouros que se están perdendo cada día*** busca, así mesmo, unha recuperación e un rescate do esquecemento da natureza que nos rodea desde unha perspectiva científica e artística.



Sandra Goded Millán: Carballeiras da Ulloa. Tesouros que se están perdendo cada día

¹ Centrípeta: Forza que busca o centro.

Remarca a necesidade de coñecer e poñer en valor o patrimonio natural, entendido como un legado ancestral que se debe respectar e preservar.

O rural como fonte de vida está nos rexistros imaxéticos. Non obstante, está dominado por elementos que ilustran riqueza e degradación, abundancia e escaseza, avances e retrocesos, vida e destrución. **Lúa Catuxa Aguete Naveira** e **Pilar Naveira González** en **Auga** realizan unha investigación ao redor dos case "esquecidos" lavadoiros, das fontes e a súa relación co xénero feminino.



Lúa Catuxa Aguete Naveira e Pilar Naveira González: Auga

O rural non é nin inmutable nin alleo aos cambios. As fotografías de **Mercedes Somoza López** **Natureza humana** amosan a pegada do ser humano no territorio e afástanse de novo da imaxe romántica do rural mostrando unha perspectiva realista que opón os conceptos de

natureza - artificialidade, vida - morte e moderno - tradicional.



Mercedes Somoza López: Natureza humana

A paisaxe rural créase segundo os modos de utilización da terra e dos recursos, que condiciona a localización e a forma dos núcleos urbanos e a organización social. Así, a imaxes industriais contrastan coa serie fotográfica **Centro Xeográfico de Galicia (CXG)** de **Patricia Coucheiro González**, unha alegación contra o abandono rural. Estas fotografías pertencen ao seu proxecto fotográfico *Camiños que se pechan*, que recolle os núcleos despoboados do concello de Antas de Ulla.

Manter viva a memoria. A serie **Camiños, carreiros e corrupias...onte vivos...hoxe mortos** de **Hilda García Cabanas** e **Ruth Julia López** tamén fala do abandono, é unha revivificación desde o recordo dun compoñente esencial no paisaxe rural.


María das Mercedes Grueso Valiño crea un proxecto construído pola concordancia dun termo sentimental (a súa experiencia como mestra en Antas de Ulla) con outro descritivo - físico (a escola unitaria en Santa Cristina). **Onde ser mestra** é unha imaxe da paisaxe interior, un relato cheo de amor pola súa profesión, a educación e pola escola de Antas de Ulla.

Silvia López Cabanas en **Natureza como escenario de paz, calma, serenidade e cura** tamén ofrece a súa visión persoal. Unha peza que se configura a modo de diario que recolle vivencias e sentimentos.

O proxecto **Meniñas da Ulla...** de **Susana Varela Negro** é unha reflexión sobre a importancia de manter o rural vivo a través da implicación da novas xeracións na dinamización cultural.

Manter vivas os costumes e a memoria para as novas xeracións. Esa idea prevalece na obra de **Amputados** de **Clara Blanco Taboada** que reflexiona sobre o esquecemento dos traballos agrícolas e a ameaza que supón o despoboamento do rural.


Moitos dos que permanecen no territorio dan a coñecer a beleza do seu entorno, das súas tradicións, das súas historias... En contraste coas árbores podadas atopamos así, as bóvedas de **Teresa Batán Vázquez** que levan por título **Círculo en paz entre árbores**. Estas imaxes - postais poñen fin á nosa viaxe, configurada como un relato conxunto e heteroxéneo cheo de contrastes; ofrecendo unha imaxe da comarca da Ulloa, as veces con tinturas románticas, e outras, crúa e desmitificada.



Susana Varela Negro: "Meniñas da Ulla..." Andrea Santiso
Arias



Clara Blanco Taboada: Amputados



Teresa Batán Vázquez: Círculo en paz entre árbores

Fotógrafas

Dosinda Nélica Vilameá Diéguez

Mercedes Somoza López

Lúa Catuxa Aguite Naveira

Pilar Naveira González Clara Blanco Taboada

Sara Coello Sánchez

Sandra Goded Millán

Antía Montes Coego

Teresa Batán Buján

Natalia Varela Cadahía

Gina Gisbert

Kika Ramil

Hilda García Cabanas

Ruth Julia López García

Silvia López Cabanas

María das Mercedes Grueso Valiño

Susana Varela Negro

Patricia Coucheiro González

Comisarias

Susana Varela Negro

Patricia Coucheiro González